



2.- DEBERES DO ALUMNADO RESIDENTE

- 2.1. Residir no Centro Residencial unha vez formalizada a súa matrícula. Dedicándose exclusivamente ao estudo e ás actividades do CRD.
- 2.2. Comunicar calquera ausencia do Centro con antelación, excepto cando o feito causante o impida.
- 2.3. Constitúe un deber básico dos/as alumnos/as, ademais do estudo, o respecto ás normas de convivencia dentro do Centro Residencial Docente.
- 2.4. Asistir ás clases e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo.
- 2.5. Informar ao Centro Residencial da marcha dos seus estudos e facilitar, sempre que se lle pida, o resultado das diferentes avaliacións.
- 2.6. Asistir ao estudo dirixido e respectar o dereito ao estudo dos compañeiros nas dependencias asignadas a tal efecto.
- 2.7. Respectar o exercicio do dereito dos compañeiros/as ás horas de descanso nocturno.
- 2.8. Respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do Centro.
- 2.9. Respectar a liberdade de conciencia e das conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.

2.10. Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

2.11. Respetar o carácter propio do Centro.

2.12. Respetar e utilizar correctamente os bens mobles e as instalacións do Centro.

2.13. Respetar as pertenzas dos demais.

2.14. Participar activamente na vida e funcionamento do Centro, aceptando, se fose o caso, aqueles encargos ou responsabilidades que se lle asignen.

2.15. Fomentar a cooperación e solidariedade.

2.16. Achegar toda a información relevante da que se dispoña e que supoña unha mellora no funcionamento do Centro.

2.17. Respetar a intimidade e privacidade dos pavillóns de diferente sexo.

2.18. Non facilitar o acceso ás instalacións do CRD a persoas alleas, sen autorización, nin tampouco acompañar a ninguén que entrara indebidamente.